



*ORDE do \*\* de \*\*\*\*\* de 2021 pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir postos de dirección dos centros de formación e recursos e asesorías do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos*

A Xunta de Galicia, a través do Decreto 74/2011, do 14 de abril (DOG do 6 de maio), regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste decreto determínase que os centros de formación e recursos contarán cun director ou directora que será a persoa responsable do centro e representante da Administración educativa.

Para poder levar a cabo as súas funcións o Centro Autonómico de Formación e Innovación e os centros de formación e recursos contarán cun equipo de asesores e asesoras de formación, e será competencia da Consellería de Cultura, Educación e Universidade determinar o número de asesores e/ou asesoras, a especialidade docente e, de ser o caso, os requisitos de formación e experiencia requiridos para o desempeño das súas funcións.

Ademais, o citado decreto establece que este persoal directivo e asesor será seleccionado mediante concurso público de méritos, entre o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas das establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, na súa redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade que determinará os requisitos dos candidatos e os criterios de selección.

Por outra banda, o carácter dinámico da sociedade precisa dunha constante adecuación do sistema educativo á unha realidade cambiante. Neste escenario adquire máis importancia ca nunca a formación permanente do profesorado e, por conseguinte, a profesionalización do profesorado encargado da mesma. Con esta finalidade, definiuse o modelo de competencias profesionais do persoal asesor da Rede de Formación, paralelo ao modelo de competencias profesionais docentes, que aspira a servir de referencia para a planificación, desenvolvemento e execución do traballo do persoal asesor da formación do profesorado.

De acordo ao anterior e ao haber prazas vacantes cómpre, polo tanto, proceder a realizar a súa oferta pública para a dirección e asesorías das estruturas de formación permanente do profesorado que quedaron vacantes tras a resolución da Orde do 10 de xuño de 2019.

En consecuencia, e en uso das atribucións que ten conferidas, esta consellería

DISPÓN:

*Artigo 1. Obxecto*

Esta orde ten por obxecto convocar concurso público de méritos para a provisión dos postos de dirección dos centros de formación e recursos (CFR) e de asesorías no Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e nos centros de formación e recursos (CFR), que se relacionan no anexo I.

*Artigo 2. Requisitos de participación*

Para participar neste concurso de méritos deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a) Ser persoal funcionario de carreira dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluído o corpo para extinguir de profesores técnicos de formación profesional.
- b) Acreditar unha antigüidade de polo menos cinco anos como persoal funcionario na función pública docente con nomeamento nun dos corpos aos que se fai referencia na subepígrafe anterior para o posto de dirección do CFR ou de polo menos un ano para os postos de asesoría.
- c) Acreditar as titulacións, habilitacións e certificacións de acordó cos requisitos específicos das prazas que figuran no anexo I.

### Artigo 3. *Perfis das persoas candidatas*

O perfil das direccións dos CFR e asesorías do CAFI e dos CFR deberá responder ao dunha persoa docente coas características do modelo de competencias profesionais xerais recollido no anexo VI.

### Artigo 4. *Solicitudes*

1. As persoas que desexen participar no concurso deberán presentar unha única solicitude axustada ao modelo que se recolle no anexo II coa que deberá achegar toda a documentación indicada no artigo 5.
2. As persoas que participen poderán solicitar como máximo dúas prazas das convocadas acordes co seu perfil.

### Artigo 5. *Documentación*

Coa solicitude achegárase a seguinte documentación:

1. Unha relación asinada da documentación que se presenta, seguindo a orde que figura no Anexo III.
2. Orixinais ou copias compulsadas dos documentos acreditativos dos méritos alegados, de acordo co anexo III da presente orde.
3. Orixinal do proxecto de actuación correspondente a cada praza solicitada. O proxecto terá unha extensión máxima de dez folios, a unha soa cara, a dobre espazo e tamaño DIN-A4 e cunha letra tipo Arial, tamaño once puntos sen comprimir. O contido do proxecto axustarase ao establecido no anexo IV desta orde.
4. O profesorado que completou o expediente persoal no enderezo web: <https://www.edu.xunta.gal/datospersonais> só deberá xuntar a documentación acreditativa dos novos méritos que alegue.

En todo caso, non se terán en conta nin se valorarán os méritos nin os servizos alegados e non xustificados debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo ao que se refire o artigo 6.

#### Artigo 6. *Lugar e prazo de presentación*

O prazo para a presentación de solicitudes para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao secretario xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, e poderán presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela), ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa selada e datada polo persoal funcionario antes de ser certificada. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes e demais documentación, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase a renuncia á participación no concurso de méritos específico dentro do prazo de reclamacións á resolución provisional establecido no punto 1 do artigo 7, e entenderase que tal renuncia afecta a todas as peticións formuladas.

#### Artigo 7. *Proceso de selección*

O concurso desenvolverase en dúas fases:

1. Fase A. Valoración dos méritos alegados polas persoas que concursan, segundo o baremo indicado no anexo III. As persoas aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de tres puntos no proxecto non poderán acceder á fase B.

Finalizada esta fase, publicarase no portal educativo, <http://www.edu.xunta.gal>, a relación provisional de persoas candidatas coa puntuación correspondente aos seus méritos e ao proxecto, e abrirase un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día da publicación, para que poidan formular as reclamacións que estimen oportunas.

As reclamacións deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A), que se deberá identificar coa denominación "RFormación", xunto coa documentación a achegar. Para a presentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>)

Transcorrido o dito prazo, e logo de consideradas as reclamacións alegadas, farase pública no mesmo lugar a relación definitiva, das puntuacións nas epígrafes de méritos e proxecto de traballo.

## 2. Fase B. Entrevista coas persoas candidatas seleccionadas na fase A.

Todo o persoal aspirante que obteña unha puntuación mínima de 3 puntos no proxecto poderá ser convocado a entrevista pola comisión de selección. Esta, versará sobre as funcións que se desenvolverán e os contidos do proxecto de actuación presentado, tendo en conta as peculiaridades da praza a que se opta. Valorarase a viabilidade e a calidade da proposta, así como a capacidade de organizar, orientar e dar respostas innovadoras ás necesidades formativas do profesorado. Para a superación da fase B será necesario acadar unha puntuación mínima de tres puntos.

No caso de producirse empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente, e por esta orde, á maior puntuación na fase B, no seu caso, nas epígrafes 2, 4 e 5 da fase A.

Finalizada esta fase, publicarase no portal educativo, <http://www.edu.xunta.gal>, a relación definitiva da baremación efectuada coa indicación das persoas seleccionadas para cada unha das prazas ofertadas e, de ser o caso, das declaradas desertas. A seguir abrirase un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día da publicación, para presentar as reclamacións ou renuncias oportunas.

As reclamacións deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "RFormación", xunto coa documentación a achegar. Para a presentación poderá empregarse calquera dos

mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>)

#### Artigo 8. *Comisión de selección*

1. O presente concurso será resolto por unha comisión de selección formada polos seguintes membros:

Presidente/a: a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, ou persoa en quen delegue.

Vogais: ata un máximo de catro vogais, entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de subdirección xeral ou xefatura de servizo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou membros da Inspección educativa.

Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

Cada unha das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente poderá nomear unha persoa representante para a asistencia ás sesións da comisión con voz e sen voto.

2. A comisión poderá dispor a constitución de subcomisións técnicas para colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 1, 2, 3 e 4 do baremo do anexo III. Ás reunións desta/s subcomisión/s poderán asistir persoas representantes das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

3. Os membros da comisión e, de ser o caso, da/s subcomisión/s, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme ó Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño) que estarán cualificadas na categoría primeira.

#### Artigo 9. *Proposta de nomeamento*

1. Logo de transcorrido o prazo de reclamacións ou renuncias establecido no artigo 7.2 desta orde, e de consideradas as mencionadas reclamacións ou renuncias, a comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Consellería de Cultura,

Educación e Universidade, quen resolverá a relación final das persoas seleccionadas ordenadas por puntuación.

A resolución definitiva publicarase no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.gal>, e por ela entenderanse notificadas, para todos os efectos, as persoas concursantes ás cales afecte.

2. Contra a resolución da convocatoria, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet <http://www.edu.xunta.gal>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. As prazas adxudicadas son irrenunciáveis, salvo casos de excepcional gravidade apreciados pola Administración educativa. As persoas que resulten seleccionadas por esta convocatoria serán nomeadas en réxime de comisión de servizos, e con reserva do posto de traballo de orixe, por períodos anuais, renovables ata un máximo de seis anos, e ao final de cada período anual establecerase un proceso de avaliación sobre o exercicio das súas funcións que determinará a súa continuidade ou non.

4. As prazas que non se cubran por ausencia de persoas candidatas ou aquelas vacantes que, como resultado do proceso de selección, se poidan producir finalizado este, poderán proveerse en comisión de servizos de maneira provisional, para o curso 2021-2022, por proposta da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

#### *Artigo 10. Formación inicial e continua do persoal asesor*

O persoal de asesoría das estruturas de formación permanente do profesorado que resulte seleccionado deberá participar nunha acción de formación inicial que programe a secretaría xeral competente en formación permanente do profesorado, que se poderá desenvolver en distintas fases.

Cada curso escolar desenvolveranse accións de formación do equipo das estruturas de formación permanente do profesorado, seguindo o protocolo de formación interna de cada centro, ou aquelas outras que programe o Servizo de Formación do Profesorado.

De quedaren prazas vacantes nos procesos de selección, o persoal que se incorpore con posterioridade á realización da formación inicial seguirá o programa de formación establecido nos procesos de acollida do Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos, do CAFI e dos CFR.

#### *Artigo 11. Retirada da documentación*

Unha vez transcorrido un mes desde a data de publicación da resolución definitiva e durante o prazo de tres meses, as persoas interesadas, ou a súa representación legal, que manifesten non ter interposto recurso contra esta resolución, poderán recoller a documentación presentada no Servizo de Innovación e Formación dos Recursos Humanos, das 9.00 ás 14.00 horas.

Transcorrido o dito prazo entenderase que renuncian á súa recuperación e perderán todo o dereito sobre a citada documentación.

#### *Artigo 12. Retribucións*

Para os efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, o persoal funcionario docente que resulte seleccionado poderá percibir o complemento específico correspondente á dirección ou asesor de CFR ou asesor técnico docente, segundo o establecido no anexo V, 2º da Orde do 8 de febreiro de 2021 (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2021.

#### *Disposición adicional primeira*

O CAFI e os CFR contarán cos centros colaboradores que figuran no anexo V, que facilitarán os espazos e os medios necesarios para a realización de actividades de formación e, de ser o caso, para o desenvolvemento das tarefas das persoas asesoras destinadas nos propios centros colaboradores, co fin de garantir a atención a aqueles centros educativos moi distantes do CAFI e dos CFR.

*Disposición adicional segunda*

1. Os méritos que aleguen as persoas solicitantes deberán estar referidos á data de finalización do prazo de solicitudes.
2. Todos os méritos que consten no expediente do persoal participante non terán que xustificalos.
3. No que atinxe aos méritos dos apartados 2.1, 3 e 4 da fase A do baremo que figura como anexo III non se computarán as fraccións inferiores a un ano.
4. A titulación de grao valorarase como unha titulación de segundo ciclo sempre e cando non sexa a alegada para o ingreso non corpo.
5. As actividades de formación do profesorado a partir do 23 de maio deberán cumprir co establecido na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (DOG n.º 96, do 22 de maio).

*Disposición derradeira primeira*

Autorízase a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, \*\* de \*\*\*\*\* de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Román Rodríguez González

## ANEXO I

### Requisitos específicos de acceso e prazas vacantes

#### 1. Asesorías dos departamentos do CAFI.

Asesorías	Requisitos	Corpo	N.º de prazas
Atención a centros	Integración das TIC e das ferramentas institucionais vencelladas ao ámbito educativo. Xestión da participación, habilidades sociais e relacionais. Coordinación e xestión de grupos	Todos os corpos	4
Formación Profesional	Todas as familias profesionais. Integración das TIC e das ferramentas institucionais vencelladas á estas ensinanzas.	511-590-591	2
Educación dixital	Competencia en TIC no nivel de usuario avanzado, manexo de ferramentas institucionais, software e dispositivos (experiencia: coordinador/a e/ou dinamizador/a TIC, Edixgal, formación en competencias dixitais, relator/a en cursos, titor/a de formación en liña, premios TIC, etc.)	Todos os corpos	7
Linguas	Dominio oral e escrito de lingua inglesa, acreditando un nivel mínimo de C1 nesta lingua. Coñecemento das ferramentas institucionais e uso das TIC na aula utilizando metodoloxías activas. Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade en traballos multitarefas. Experiencia de traballos en equipo.	511-512-590-592-597	1

#### 2. Asesorías dos CFR

Área	Perfil	Corpo
Infantil e primaria	Mestre ou mestra de infantil ou primaria. Integración das TIC e das ferramentas institucionais vencelladas a este nivel educativo.	597
Linguas	Inglés. Coñecemento das ferramentas institucionais e uso das TIC na aula utilizando metodoloxías activas. Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade en traballos multitarefas. Experiencia de traballos en equipo.	511-512-590-592-597
Educación dixital	Competencia en TIC no nivel de usuario avanzado, manexo de ferramentas institucionais, software e dispositivos (experiencia: coordinador/a e/ou dinamizador/a TIC, Edixgal, formación en competencias dixitais, relator/a en cursos, titor/a de formación en liña, premios TIC, etc.)	Todos os corpos
Formación Profesional	Todas as familias profesionais. Integración das TIC e das ferramentas institucionais vencelladas á estas ensinanzas.	511-590-591
Artístico-deportivo	Educación física, plástica ou música. Integración das TIC e das ferramentas institucionais vencelladas a este ámbito.	511-513-590-591-593-594-595-596-597



Organización escolar	Experiencia en equipos directivos, xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou departamento de orientación.	Todos os corpos
Lingüística e social	Lingua e sociais. Coñecemento das ferramentas institucionais e uso das TIC na aula utilizando metodoloxías activas. Alta capacidade de xestión, coordinación, comunicación e dinamización de equipos de traballo, así como flexibilidade en traballos multitarefas. Experiencia de traballos en equipo.	511-590-597

### Prazas vacantes dos CFR

Área	CFR Coruña	CFR Ferrol	CFR Lugo	CFR Ourense	CFR Pontevedra	CFR Vigo
Linguas		1	1			1
Educación dixital		1		1	1	2
Formación Profesional	1		1	1		1
Artístico-deportivo				1		1
Organización escolar		1	1		2	1
Lingüística e social				1		
Dirección CFR					1	

Nota: Códigos dos corpos.

511 Catedráticos de ensino secundario.

512 Catedráticos de escolas oficiais de idiomas.

513 Catedráticos de artes plásticas e deseño.

590 Profesorado de ensino secundario.

591 Profesorado técnico de formación profesional.

592 Profesorado de escolas oficiais de idiomas.

593 Catedráticos de música e artes escénicas.

594 Profesorado de música e artes escénicas.

595 Profesorado de artes plásticas e deseño.

596 Mestres de taller de artes plásticas e deseño.

597 Mestres.



## Anexo II

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA CUBRIR POSTOS DE ASESORÍAS DO CENTRO AUTONÓMICO DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN E DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS</b>	<b>SOLICITUDE</b>

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
TIPO	NOME DA VÍA		NUM	BLOQ	ANDAR
CÓDIGO POSTAL		CONCELLO		PROVINCIA	
TELÉFONO			TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO
CORPO AO QUE PERTENCE			CÓDIGO CORPO		
ESPECIALIDADE			CÓDIGO ESPECIALIDADE		

DATOS DESTINO		
CENTRO DESTINO DEFINITIVO 2020/2021	CÓDIGO CENTRO	LOCALIDADE
CENTRO DESTINO PROVISIONAL 2020/2021	CÓDIGO CENTRO	LOCALIDADE

PRAZAS QUE SOLICITA P O R ORDE DE PREFERENCIA		
ORDE PREFERENCIA	DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº DE POSTO SEGUNDO CONSTATO ANEXO I

### DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE

A persoa solicitante declara:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que achega son certos.
2. Que reúne os requisitos exixidos neste concurso de méritos específico e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se for necesario.

### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- Relación de documentación que se presenta.
- Orixinais ou copias cotexadas dos méritos alegados, de acordo co anexo III da presente convocatoria
- Orixinal do proxecto de actuación correspondente a cada praza solicitada

### LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do ..... de xuño de 2021 pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir postos de asesorías do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos

### SINATURA DA PERSOA INTERESADA

Lugar e data

, de

de



**Subdirección Xeral de Recursos Humanos-Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos**  
**Consellería de Cultura, Educación e Universidade**

### ANEXO III

#### Baremo

Méritos	Punto	Máximo total de puntos	Documentos xustificativos
<b>FASE A</b>			
1. Méritos académicos. 1.1. Título de doutor. 1.2. Por pertencer ao corpo de catedráticos. 1.3. Por cada titulación universitaria de grao superior distinta á alegada para o ingreso na función docente. 1.4. Por cada titulación universitaria de grao medio distinta á alegada para o ingreso na función docente.	1 1 0,50 0,25	3	Copia dos títulos ou certificacións, se é o caso
2. Experiencia en formación permanente. 2.1. Dirección ou asesoría dun centro de formación do profesorado. 2.2. Relatorios relacionados coa praza a que se opta. 2.3. Asistencia a actividades de formación relacionadas coa praza a que se opta. (Só se terán en conta certificacións emitidas polas administracións educativas ou de actividades homologadas).	0,25 por ano 0,15 por cada 10 horas 0,05 por cada 10 horas	4	Copia dos títulos ou certificacións, se é o caso
3. Experiencia na xestión educativa. 3.1. Dirección de centro educativo público. 3.2. Xefatura de departamento. 3.3. Coordinación de ciclo. 3.4. Membro de equipo directivo dun centro educativo público. 3.5. Desempeño dun posto de igual ou maior nivel na Administración educativa.	0,25 por ano 0,10 por ano 0,10 por ano 0,15 por ano 0,25 por ano	3	Copia do nomeamento, se é o caso
4. Antigüidade. 4.1. Como funcionario/a de carreira, a partir dos que se exigen como requisito.	0,20 por ano	3	
5. Proxecto.		6	O propio proxecto
<b>FASE B</b>			
Entrevista		6	

## ANEXO IV

Contido do proxecto que deben presentar as persoas aspirantes a prazas de dirección dos CFR e a asesorías do CAFI e CFR

### 1. Dirección de CFR

Proxecto de dirección:

#### a) Contexto

- Estrutura socioeducativa do ámbito de actuación do CFR.

- Valoración das principais liñas estratéxicas de formación permanente do profesorado no sistema educativo galego. Propostas de actuación.

b) Desenvolvemento das competencias profesionais do profesorado. Proposta de acción.

c) Organización interna e xestión de recursos: planificación, seguimento e avaliación nun sistema de mellora continua.

d) Achegas persoais.

### 2. Asesorías de CAFI e CFR:

Proxecto de actuación: adaptación á asesoría/departamento a que se opta:

a) Contexto do proceso de formación permanente do profesorado en Galicia.

b) Valoración das principais liñas estratéxicas de formación permanente do profesorado no sistema educativo galego.

c) Competencias profesionais do profesorado: definición, itinerarios formativos, seguimento e avaliación.

d) Proposta de actuación para a praza a que se opta.

e) Achegas persoais.



## ANEXO V

### Centros colaboradores

- Centros colaboradores CFR Pontevedra:  
Pontevedra: CIFP A Xunqueira  
Vilagarcía: EOI  
Lalín: IES Laxeiro; IES Ramón María Aller Ulloa
- Centros colaboradores CFR Ferrol:  
Ferrol: CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro; CIFP Ferrolterra  
As Pontes de García Rodríguez: IES Castro da Uz
- Centros colaboradores CFR Lugo:  
Lugo: CIFP Politécnico; IES Leiras Pulpeiro  
Monforte: EOI; IES Francisco Daviña Rey  
Zona norte: IES Perdouro de Burela; IES María Sarmiento de Viveiro; CIFP Porta da Auga de Ribadeo
- Centros colaboradores CFR Vigo:  
Vigo: IES Politécnico; CIFP Manuel Antonio  
Tui: IES San Paio  
Cangas: IES de Rodeira
- Centros colaboradores CFR Ourense:  
Ourense: Escola de Arte Antonio Faílde  
O Barco: extensión do CFR  
Verín: IES Xesús Taboada Chivite
- Centros colaboradores A Coruña:  
A Coruña: CIFP Ánxel Casal  
Culleredo: IES Universidade Laboral  
Carballo: IES Isidro Parga Pondal  
Vimianzo: IES Terra de Soneira
- Centros colaboradores CAFI:  
Santiago: CIFP Compostela; CIFP Politécnico; IES A Pontepedriña.  
A Pobra: IES da Pobra do Caramiñal  
Ribeira: CIFP Coroso



## ANEXO VI

### Modelo de Competencias Profesionais (\*)

COMPETENCIAS E SUBCOMPETENCIAS PROFESIONAIS DAS PERSOAS CANDIDATAS	
XENÉRICAS DE PERFIL	
<b>1. Asesor/a guía no proceso de formación permanente do profesorado</b>	1.1. Subcompetencia en asesoramento e apoio.
	1.2. Subcompetencia didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin.
	1.3. Programación, seguimento e avaliación.
<b>2. Membro dunha organización</b>	2.1. Subcompetencia organizativa e de xestión.
	2.2. Subcompetencia en traballo en equipo.
<b>3. Interlocutor/a e referente</b>	3.1. Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora.
	3.2. Xestión e promoción de valores de convivencia, compromiso persoal e ético.
	3.3. Mediación, xestión de conflitos.
<b>4. Investigador/a e innovador/a</b>	4.1. Subcompetencia en innovación e mellora.
	4.2. Diagnóstico e avaliación da práctica docente.
	4.3. Realización e execución de propostas
INSTRUMENTAIS-TRANSVERSAIS	
<b>5. Especialista no asesoramento na formación do profesorado</b>	5.1. Xestión do coñecemento existente.
	5.2. Subcompetencia científica.
<b>6. Comunicador/a en linguas ambientais e estranxeiras</b>	6.1. Subcompetencia comunicativa e lingüística.
<b>7. Competente en educación dixital</b>	7.1. Software.
	7.2. Dispositivos.
	7.3. Ferramentas institucionais.

(\*) Ligazón ao documento de referencia:

[https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/file.php/1/undefined/competencias\\_persoal\\_a\\_sesor.pdf](https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/file.php/1/undefined/competencias_persoal_a_sesor.pdf)